

A asemblea de afiliados do PSOE de cervo aproba por aclamación a candidatura encabezada por Francisco Mon

Os socialistas aprobaron unha lista “plural e renovada composta por oito homes e seis mulleres coñecedores das preocupacións dos veciños e das necesidades do concello e comprometidos a traballar por e para Cervo”

CERVO, 11 DE ABRIL DE 2015.- A Agrupación Socialista de Cervo vén de aprobar por aclamación a candidatura socialista para os vindeiros comicios municipais do 24 de Maio e que encabezará Francisco Mon Fernández.

Durante a asemblea extraordinaria celebrada esta mañá ás 12.30 horas en segunda convocatoria, os militantes socialistas de Cervo aprobaron unha lista plural e renovada no 60% composta por oito homes e seis mulleres, que conxuga diferentes idades, sectores e representatividade territorial co único fin de traballar con ilusión e compromiso por e para todos os veciños de Cervo.

O cabeza visible deste novo proxecto socialista no concello, Francisco Mon, agradeceu publicamente o paso adiante dado por todos eles “asumimos todos unha nova responsabilidade, moi gratificante pero tamén moi complexa, un compromiso de servizo público, un compromiso de servir ós nosos veciños e mellorar o concello onde vivimos. Cremos que chegou o noso momento, que chegou a hora de cambiar o rumbo e darlle a Cervo o impulso que necesita para fomentar o gran potencial que non se está aproveitando dende hai anos”.

O candidato socialista á alcaldía de Cervo rematou subliñando a ilusión coa que afrontan todos esta nova etapa, “somos persoas comprometidas co proxecto, coñecedores todos das preocupacións dos veciños e das necesidades do noso concello, que lamentablemente son moitas porque nos últimos catro anos o avance foi cero”.

A lista completa aprobada polos afiliados socialistas de Cervo nesta mañá é a seguinte:

- Francisco Urbano Mon Fernández
- Luján Ramos Ben
- Benito Díaz Docando
- Amado Ballesteros González
- Lorena Pardo Quelle
- Félix Carreiras Teijeiro
- Marina Gómez Cobas
- Manuel Rodríguez Rodríguez
- Ramón García Díaz
- Almudena Cayón Rivas
- Concepción Sariego Villegas

Suplentes:

- José Luis Moñita Martín
- Joaquina Baño Vázquez
- Baldomero Iglesias Isla